

Convocatoria das bases reguladoras da 3ª edición dos Premios Universitarios a Traballos de Fin de Grao (TFG), Traballos de Fin de Mestrado (TFM) e Teses de Doutoramento en Materia de Emprendemento

BASES REGULADORAS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Esta convocatoria realízase ao amparo do Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria, integradas no programa anual de actividades do centro de orientación, emprendemento, acompañamento e innovación para o emprego da Comunidade Autónoma de Galicia (asinado o 22 de maio de 2026).

Artigo 1. Obxecto dos premios

O obxectivo é promover a realización de traballos académicos de fin de estudos que, dende calquera área de coñecemento, dean visibilidade ao ecosistema emprendedor e fomenten a cultura e a iniciativa emprendedora do estudiantado da Universidade da Coruña (UDC), contribuíndo ao desenvolvemento económico e social das rexións.

Artigo 2. Requisitos das persoas participantes

Poderá participar nesta convocatoria o estudiantado da UDC que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ter defendido e aprobado o TFG, TFM ou a tese de doutoramento entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2026.
2. A temática dos devanditos traballos debe versar sobre calquera das facetas da actividade emprendedora e a súa xestión. Entre outros, consideraranse traballos que analicen aspectos referidos a:
 - Análise da actividade emprendedora (fase de ideas, modelos de negocio, financiamento, habilidades profesionais, estudo do ecosistema emprendedor dunha rexión ou país etc.).
 - Análise de procesos de innovación ou mellora dentro das empresas de calquera sector (dixitalización, aplicacións industriais, innovación social, melloras en sistemas etc.).
 - Proposta de produto e/ou servizo innovador que dea resposta a unha necesidade do mercado, ou proposta que supoña unha innovación en procesos ou produtos xa existentes e redunde nunha maior competitividade/eficiencia etc.
 - Desenvolvemento dun proxecto de creación dunha empresa que conte cun modelo de negocio innovador.
 - Estudo e desenvolvemento do marco teórico do emprendemento.
 - Outras liñas non enunciadas anteriormente que, a xuízo da comisión avaliadora, se poidan enmarcar na temática do emprendemento.

Artigo 3. Premios e contía

1. Existen dúas categorías de premios:

- TFG e TFM
- Teses de doutoramento

2. Cóntase cun total de 20 premios que se deberán repartir entre estas dúas categorías: por unha banda, os TFG e TFM e, por outra, as teses de doutoramento. Para cada unha das categorías haberá un primeiro e un segundo premio en cada unha das cinco áreas de coñecemento que figuran a continuación:

- Artes e humanidades
- Ciencias sociais e xurídicas
- Ciencias
- Enxeñaría e arquitectura
- Ciencias da saúde

A seguinte táboa resume os premios convocados e a súa dotación económica:

PREMIOS UNIVERSITARIOS DE EMPRENDEMENTO 2026		ÁREAS DE COÑECEMENTO					TOTAL
		Artes e humanidades	Ciencias sociais e xurídicas	Ciencias	Enxeñaría e arquitectura	Ciencias da saúde	
DOUTORAMENTO	1.º PREMIO	1.200 €	1.200 €	1.200 €	1.200 €	1.200 €	9.000 €
	2.º PREMIO	600 €	600 €	600 €	600 €	600 €	
TFG/TFM	1.º PREMIO	800 €	800 €	800 €	800 €	800 €	6.000 €
	2.º PREMIO	400 €	400 €	400 €	400 €	400 €	
TOTAL		3.000 €	3.000 €	3.000 €	3.000 €	3.000 €	15.000 €

No caso de que algunha área de coñecemento non tivese persoas candidatas a calquera dos premios, poderase asignar a dotación do premio correspondente á área con maior número de candidaturas en primeiro lugar ou, a criterio da comisión, ao traballo de maior interese e calidade.

Artigo 4. Dotación orzamentaria e fiscalidade

1. A presente convocatoria conta cun orzamento máximo de 15.000 euros e será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 030A 422D 480.02 da UDC.
2. Os premios obxecto desta convocatoria estarán suxeitos á retención do IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas) ou do IRNR (imposto sobre a renda de

non residentes). Serán por conta das persoas premiadas todos os impostos que graven a percepción daqueles.

3. O resto das repercusións que a obtención dos premios teña en fiscalidade das zonas premiadas, serán por conta destas, polo que a UDC queda exonerada de calquera responsabilidade respecto deste feito.

CAPÍTULO II. SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Artigo 5. Presentación de solicitudes

As persoas candidatas deben cubrir e enviar o formulario en liña que estará dispoñible na páxina web de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade:

<https://www.udc.gal/emprego/emprendemento/premios-empredemento/>.

Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comeza o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede Electrónica da UDC, e remata ás 23:59 h do día 31 de xullo de 2026. Non se admitirán solicitudes con data de rexistro posterior á de finalización do prazo correspondente.

Artigo 7. Documentación requirida

Xunto á solicitude de participación deberá presentarse a seguinte documentación:

- Documento que acredite ter defendido e aprobado o TFG, TFM ou a tese de doutoramento, expedido pola secretaría académica da facultade/escola ou pola persoa coordinadora dos estudos onde realizou ese TFG/TFM ou tese de doutoramento.
- Unha copia do TFG, TFM ou tese de doutoramento no caso de non estar xa publicado no repositorio institucional da UDC (RUC). Se xa o está, deberá marcarse tal circunstancia no mencionado formulario. No caso de ter que achegar o traballo, este deberá achegarse en formato PDF.
- Unha breve descrición do traballo, que xa está incluída de forma obrigatoria no formulario, cunha extensión máxima de 100 palabras.
- Un resumo, que xa está incluído de forma obrigatoria no formulario, cunha extensión máxima de 500 palabras, no que a persoa solicitante expoña as contribucións do traballo no ámbito do emprendemento, como poden ser a potencialidade ou viabilidade de transformación da idea en proxecto de negocio, a ampliación de negocio dunha empresa existente, o impacto social, o grao de innovación ou as vantaxes competitivas respecto ao xa existente no mercado, entre outras.

Artigo 8. Listaxe provisional e definitivo de persoas admitidas e excluídas

1. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e logo de revisalas, publicarase no TEO da UDC a listaxe das solicitudes admitidas e, de ser o caso, as non admitidas, co/s motivo/s da súa exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles para corrixir as deficiencias indicadas; a listaxe definitiva publicarase a continuación.

2. As comunicacións relacionadas con esta convocatoria realizaranse exclusivamente a través da conta de correo electrónico corporativo da UDC.

CAPÍTULO III. OBRIGAS E RENUNCIAS

Artigo 9. Obrigas das persoas premiadas

1. A presentación da solicitude supón a aceptación de todos os puntos da presente convocatoria por parte da persoa solicitante. Para os aspectos que non se recollen expresamente nela aplicarase calquera outra normativa que para esta materia resulte procedente.
2. A entrega de premios realizarase nun acto público que se celebrará para tal efecto. A data e o lugar do acto comunicaranse coa suficiente antelación e a través das canles institucionais.
3. O incumprimento das bases da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou manipulación, poderán ser causa de desestimación e, no seu caso, de reintegro das cantidades percibidas en concepto de premio.

Artigo 10. Renuncia, suspensión e revogación do premio

1. As persoas premiadas deberán renunciar ao premio cando deixen de cumprir os requisitos que fundamentan a súa concesión. A renuncia deberá presentarse mediante un escrito, dirixido á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade da UDC, en que se motive a causa da devandita renuncia e se concrete a data a partir da cal esa causa concorre.
2. Será motivo de revogación do premio o incumprimento das obrigas establecidas na presente convocatoria. Nesta situación, a persoa premiada deberá reintegrar o premio percibido.
3. No caso de que o premio quedase vacante por renuncia, revogación ou calquera outra causa, outorgaríase á persoa suplente que correspondese na orde establecida, se a houbese e cumprise as condicións requiridas.

CAPÍTULO IV. CRITERIOS DE VALORACIÓN, PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN E RESOLUCIÓN

Artigo 11. Criterios de valoración

Para a avaliación dos traballos de fin de estudos, teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios:

- grao de innovación, creatividade e diferenciación do proxecto;
- a viabilidade técnica, económica e o potencial de crecemento;
- o impacto económico e a capacidade de creación de emprego no territorio;
- a contribución á igualdade de xénero, especialmente mediante a promoción do emprego feminino ou a participación de mulleres na autoría do proxecto;
- o aproveitamento sostible dos recursos locais;

- a contribución á fixación de poboación e á dinamización do medio rural ou de zonas afastadas dos principais núcleos urbanos; e
- o impacto social e a mellora da calidade de vida da poboación.

Os premios en cada unha das modalidades existentes outorgaranse ás candidaturas coas valoracións máis altas que cumpran as condicións requiridas.

Artigo 12. Proposta de adxudicación e resolución

A resolución publicarase no TEO da UDC, así como na páxina web de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade:

<https://www.udc.gal/emprego/emprendemento/premios-empredemento/>.

O premio poderá ser declarado deserto pola Comisión, ademais de asignarse a outra categoría, conforme ao estipulado no artigo 3 das presentes bases.

As persoas gañadoras dalgún premio en edicións anteriores destes Premios Universitarios a Traballos de Fin de Grao (TFG), Traballos de Fin de Mestrado (TFM) e Teses de Doutoramento en materia de emprendemento da UDC non poderán optar de novo aos premios se concorre co mesmo traballo de fin de estudos.

CAPÍTULO V. COMISIÓN DE AVALIACIÓN

Artigo 13. Comisión de avaliación

1. A comisión de avaliación dos premios estará integrada por:
 - Presidenta: o/a vicerreitor/a de Estudantes e Empregabilidade, ou a persoa en quen delegue.
 - Vogais: dúas persoas da UDC expertas no ámbito do emprendemento, un/unha representante da Oficina de Transferencia do Coñecemento (OTC) e un/unha representante externo/a dunha entidade de apoio ao emprendemento.
 - Secretaria: o/a adxunto/a de Empregabilidade da UDC.
2. A composición titular da comisión de avaliación será a seguinte:
 - Presidenta: o/a vicerreitor/a de Estudantes e Empregabilidade da UDC, ou a persoa en quen delegue.
 - Vogal 1: Antonio García Lorenzo, catedrático da Facultade de Economía e Empresa da UDC.
 - Vogal 2: Lorena Alonso Alconada, representante da OTC da UDC.
 - Vogal 3: María Inmaculada Muñoz Pliego, técnica de emprego da UDC.
 - Vogal externo/a: Pilar Carretero Díaz, representante de Seniors Españoles para la Cooperación Técnica (SECOT), ou a persoa en quen delegue.
 - Secretaria: o/a adxunto/a de Empregabilidade da UDC, ou a persoa en quen delegue.

Artigo 14. Información adicional da comisión de avaliación

A comisión de avaliación poderá solicitar un informe científico-técnico a persoas expertas na rama de coñecemento (artes e humanidades, ciencias sociais e xurídicas, ciencias, enxeñaría e arquitectura e ciencias da saúde) á que se asocie o traballo.

As persoas que integran a comisión de avaliación e as persoas expertas mencionadas no parágrafo anterior non poderán ter vínculo cos traballos que van avaliar (por telos dirixido

ou supervisado, por exemplo) nin coas persoas candidatas coas que poidan incorrer en conflito de intereses.

CAPÍTULO VI. APRAZAMENTO OU SUSPENSIÓN DO CONCURSO E RESPONSABILIDADE

Artigo 15. Aprazamento ou suspensión do concurso

1. En casos de forza maior, a organización poderá aprazar ou suspender o concurso, o cal se publicará nos mesmos medios onde se publicou esta convocatoria.
2. En caso de aprazamento, igualmente se comunicará ás persoas participantes esta incidencia, que se publicará nos mesmos medios onde se publicou esta convocatoria.

Artigo 16. Responsabilidade sobre a autoría e contido dos traballos presentados

1. As persoas participantes no concurso responderán persoalmente da lexítima titularidade e orixinalidade do traballo presentado, así como da cesión do dereito da imaxe das persoas que aparezan, garantindo, pola simple participación neste concurso, a dita titularidade, así como o carácter orixinal da obra ou traballo. En caso de incumprimento, a persoa responsable será única e exclusivamente aquela que presentase o traballo, de modo que a organización quedará eximida de calquera conflito derivado pola non autoría dos traballos presentados.
2. A persoa autora garante que o contido do traballo presentado, xa sexa escrito ou gráfico, non dará lugar pola súa publicación a ningún tipo de responsabilidade civil ou penal para a UDC, e que non contén declaracións difamatorias, fórmulas, receitas ou instrucións danosas, violacións de dereitos de autor, de nomes comerciais, de marcas, de patentes ou doutras formas de protección da propiedade industrial, do dereito á intimidade ou outros dereitos, e comprométese expresamente a indemnizar á UDC ou aos seus licenciarios de calquera gasto, dano e perda derivados de calquera incumprimento desta garantía ou como consecuencia de reclamacións de terceiros en relación coas materias cubertas por estas estipulacións e garantías.

CAPÍTULO VII. DEREITOS DE PROPIEDAD E PUBLICIDADE

Artigo 17. Dereitos de propiedade. Exposición e divulgación dos traballos premiados pola entidade organizadora

1. A autoría dos traballos premiados corresponderá ás persoas lexítimas autoras deles nos termos establecidos nas bases desta convocatoria.
2. As persoas autoras dos traballos gañadores non ceden os seus dereitos de explotación.

Artigo 18. Publicidade

As persoas gañadoras aceptan a difusión do seu nome e imaxe, de ser o caso, así como do título e resumo do traballo premiado, nas comunicacións de carácter informativo ou divulgativo realizadas pola UDC.

CAPÍTULO VIII. PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 19. Tratamento de datos de carácter persoal

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña, cuxos datos de contacto son: rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico rpd@udc.gal.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a descrita nesta convocatoria. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

A concorrência a esta convocatoria implica a publicación dos seus datos na resolución da solicitude, dentro do TEO da UDC.

A persoa interesada consente expresamente o citado tratamento de datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que se recollen no artigo 6 do RXPd.

Así mesmo, ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer, sinaladamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, no apartado de "Outros trámites"; ou mediante unha solicitude remitida (por correo postal ou a través dos rexistros presenciais e da Sede Electrónica da UDC) á Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 de A Coruña, ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado e acompañado da copia do DNI. Igualmente poderase dirixir esta solicitude á/ao delegada/o de protección de datos, na mesma forma anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición adicional primeira. Información e organización

A organización destes premios corresponde á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade da UDC. A información sobre o procedemento e as súas distintas fases poderá consultarse na páxina web de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade:

[https://www.udc.gal/emprego/empredemento/premios-empredemento/.](https://www.udc.gal/emprego/empredemento/premios-empredemento/)

Habílitase á organización para resolver calquera imprevisto sobrevido non considerado nestas bases.

Calquera dúbida ou consulta pode dirixirse a:

Emprego UDC (Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade)

- Tfno.: 881 013 616/881 012 916
- Correo electrónico: emprego.vee@udc.gal

Disposición final primeira. Recursos

Contra a presente convocatoria, e contra a resolución de concesión, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sede do órgano autor do acto, no prazo de dous meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web da UDC, así como nos taboleiros oficiais de anuncios desta universidade.

Con todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición no prazo dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente citado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR. 10/07/2024, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos)

O/a vicerreitor/a de Estudantes e Empregabilidade